



# XOVES

*I+D+i*

Estimados/as amigos/as:

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar a convocatoria de axudas da Axencia Galega de Innovación (GAIN) para a creación, posta en **marcha e consolidación de Unidades Mixtas de Investigación** correspondente ao ano 2017. Dende 2014 puxéronse en marcha **24 Unidades Mixtas de Investigación** grazas a un apoio público de **23 millóns de euros**, que mobilizaron 84 millóns, e permitiron a creación de **360 empregos de alta cualificación**.

Os obxectivos desta convocatoria son **crear e impulsar grupos mixtos de traballo entre organismos de investigación e empresas** que se convertan en catalizadores do desenvolvemento de liñas de I+D+i; desenvolvan proxectos de alto impacto intensivos en coñecemento; poñan en valor grupos de investigación; aproximen os organismos de investigación á empresa; atraian a Galicia liñas de I+D+i; e incentiven a transferencia de resultados de I+D+i ao mercado.

Os **destinatarios** destas axudas son as **agrupacións entre un organismo de investigación de Galicia e unha empresa** que teñan constituído unha unidade mixta de investigación para o desenvolvemento de forma conxunta e coordinada de actividades de I+D+i durante un período mínimo de 3 anos. Considéranse **organismos de investigación susceptibles de ser beneficiarios** desta convocatoria os centros tecnolóxicos e de apoio á innovación de Galicia, as universidades do Sistema Universitario de Galicia, os centros en Galicia do CSIC e do IEO, as fundacións de investigación sanitaria e outros organismos de investigación. Ademais, as unidades mixtas deberán ter **entidade física propia**, un orzamento mínimo de **2 millóns de euros** para un período de 3 anos e estar centradas nunha área de investigación que esté aliñada cos **retos e prioridades da RIS3**.

A dotación total da convocatoria ascende a **5 millóns de euros** a distribuír en **catro anualidades, 2017-2020**. O importe máximo de cada unha das axudas será de **1,5 millóns de euros** e a intensidade media sitúase no 30% do

orçamento total da unidade. Estas axudas están cofinanciadas no marco do **programa operativo FEDER Galicia 2014-2020: Eixe 1 “Promover o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación e unha investigación de calidade”**.

A convocatoria publicarase proximamente no Diario Oficial de Galicia, sendo o **prazo de presentación de solicitudes dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).

---

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS  
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

